

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DESTINADAS AO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO QUE TEN ADXUDICADA UNHA PRAZA NO MARCO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO PROPIAS, ISEP OU GE4 CURSO 2022-2023

A Universidade de Vigo ten asinado un convenio coa Deputación de Pontevedra no que esta institución comprométese a financiar axudas complementarias ao alumnado dos campus de Pontevedra e Vigo seleccionado no programas de mobilidade internacional ERASMUS+ Estudos, Prazas Propias, GE4 e ISEP.

O alumnado ao que vai destinado esta axuda complementaria xa foi seleccionado a través das convocatorias de concorrencia competitiva de prazas propias en países extracomunitarios, do programa ISEP ou GE4 polo que non é necesaria a convocatoria dun novo procedemento de concorrencia.

O convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo foi asinado con posterioridade á publicación das convocatorias de intercambio.

É polo que, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorga a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar 6 bolsas en réxime de concorrencia competitiva destinadas ao estudantado seleccionado no marco das convocatorias de Prazas de Intercambio Propias en países extracomunitarios, ISEP e do programa GE4 para realizar estadias en institucións de ensino superior durante o curso 2022-23.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e das bases que a regulan, no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.
3. A este procedemento aplicaráselle a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, a efectos de poder realizar os pagos en xaneiro de 2023.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor
Por Delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)
A vicerreitora de Internacionalización
M^a Isabel del Pozo Triviño

ANEXO I
BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ESTUDANTADO SELECCIONADO NO MARCO DAS
CONVOCATORIAS DE PRAZAS DE INTERCAMBIO PROPIAS EN PAÍSES
EXTRACOMUNITARIOS, ISEP E DA REDE GE4
CURSO 2022-23

1. Obxecto.

A finalidade da bolsa é contribuír a financiar o custo da estada na universidade de destino do alumnado no marco da convocatoria de Prazas de Intercambio Propias en países extracomunitarios, ISEP e do GE4, curso 2022-23, garantindo que o alumnado con escasos recursos económicos poida acceder aos programas de intercambio académico.

As bolsas repartiranse do seguinte xeito: 6 bolsas de 1.000 € destinadas ao alumnado seleccionado no marco das convocatorias de Prazas Propias, ISEP e GE4 para o curso 2022-23 que teñan a condición de ser beneficiarios/as da bolsa xeral de estudos do Ministerio de Educación y Formación Profesional (MEFP) no curso 2021-22.

2. Requisitos

- Estar matriculado/a no curso 2022-23 en titulacións dos campus de Pontevedra e Vigo en centros propios e nas titulación de centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro da Universidade de Vigo).
- Ter adxudicada praza no programa de Prazas Propias concedida por R.R. de 24 de maio de 2022 ou no programa GE4 concedida por R.R. de 22 de outubro de 2022 ou do programa ISEP concedida por R.R. de 1 de febreiro de 2.022 para realizar unha mobilidade internacional no curso 2022-23.
- Non ter gozado desta axuda en cursos anteriores.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas nas quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións como declaran na solicitude de participación nesta convocatoria.

3. Presentación de solicitudes

As persoas candidatas deberán cubrir o formulario de solicitude, [2022/23 Axudas Deputación Pontevedra prazas propias, ISEP e GE4 SOLICITUDE](#), descargalo e asinalo dixitalmente e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto**: axudas Deputación Pontevedra_extracomunitarios 2022-23.

Só se aceptarán solicitudes presentadas a través da sede electrónica no prazo establecido, tal e como se indica nos parágrafos precedentes.

Para presentar a solicitude a través da sede electrónica admitiranse os seguintes sistemas de autenticación:

- Certificado dixital ou DNI electrónico.
- Chave PIN.
- Chave Permanente.

Se, de xeito excepcional, algunha das persoas interesadas non dispón dos medios electrónicos necesarios para a súa identificación na sede electrónica, a súa identificación ou sinatura electrónica poderá ser realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de sinatura electrónica do que estea dotado para este fin. (artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.)

O alumnado deberá facilitar na solicitude de participación o enderezo de correo electrónico co dominio alumnos.uvigo.es. A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través deste enderezo de correo electrónico.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e remata o **12 de decembro de 2022** ás 23:59 (hora peninsular española).

4. Procedemento de selección

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas, publicarase a **Resolución coa listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir da publicación para emendar os erros e a falta de documentación, presentando as alegacións a través da sede electrónica da UVIGO (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento Convocatoria Axudas Prazas Propias e GE4 2022-2023. mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á ORI.

Revisadas as alegacións publicarase a Resolución coas listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite e excluídas coa mención da causa de exclusión.

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI

Secretaria: Rebeca Cofán Pereiras, Xefa de negociado da ORI

Vogal: Jesús Couto Darriba, Xefe de área da ORI

A selección realizase aplicando os seguintes criterios, ata o esgotamento do crédito orzamentario:

Concederanse ao estudiantado por orde de nota media ponderada a 30 de setembro de 2022.

A media do expediente ponderada calcúlase dividindo a media do expediente do alumno/a entre a nota media das persoas tituladas do curso 2021-22 de cada titulación da Universidade de Vigo. De non existir datos de persoas tituladas dunha titulación, tomarase a nota media por ámbito de estudos xeral de acordo cos datos ofrecidos pola Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED). No caso dos estudantes de mestrado, empregarase a nota media do seu expediente de grao e a media da titulación do ano no que se titulou.

Efectuada a selección pola comisión, publicarase a Resolución coa listaxe provisional de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda, de ser o caso.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** para presentar alegacións a través da sede electrónica da UVIGO (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

Analizadas as alegacións por parte da comisión, esta elevará a proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas e en listaxe de agarda, de ser o caso á Vicerreitora de Internacionalización para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das axudas e a súa contía, a listaxe de solicitudes denegadas e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse , no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#), no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo e na ligazón <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudantes-saintes>.

5. Dotación e pagamento

Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada, a concesión das bolsas queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas desta convocatoria no exercicio correspondente.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de 6.000 € na aplicación orzamentaria 2023ORI1121DORI482.10 para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito.

A contía máxima da bolsa será de:

6 bolsas de 1.000 euros por orde de nota media ponderada.

O pagamento da axuda tramitarase unha vez publicada a resolución reitoral coas listaxes definitivas de seleccionados e trala recepción na ORI do certificado de chegada.

Efectuarase mediante transferencia bancaria indicada polo estudantado para participar no programa de intercambio e da que deberá ser titular.

6. Incompatibilidades

A bolsa é compatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade e en concreto coa bolsa do MEFP.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

7. Renuncia

As persoas beneficiarias poderán renunciar á axuda. Deberán comunicalo ao enderezo outgoing.ori@uvigo.es da ORI, onde lle indicarán os trámites a seguir segundo o tipo de axuda.

Deberán enviar o xustificante de reintegro da axuda, no caso de terse efectuado o pagamento.

As renuncias darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

8. Obrigas do beneficiario.

A persoa beneficiaria da bolsa quedará obrigada a cumprir coas obrigas que establecen as convocatorias de intercambio polas que foi seleccionado/a.

A persoa beneficiaria debe cumprir coas obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación.

9. Xustificación.

Trala finalización do período de intercambio, deberá achegar a certificación de estadía.

10.Revisión da axuda e perda do dereito de cobro

A concesión desta bolsa pode ser revogada ou declarada a perda do dereito de cobro polos seguintes motivos e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas nas convocatorias de prazas polas que foi seleccionado/a e coas recollidas nesta convocatoria.
- Non finalizar o cuatrimestre ou o curso completo.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Pola perda da condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade que se establecen nesta convocatoria.

9. Transparencia

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.Protección de datos

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#).